

RISCOS DERIVADOS DO USO DA AMOLADEIRA

- Cortes e abrasións co disco.
- Proxeccións de partículas.
- Electrocucións por deficiencias dos cables.

CONSIGNAS DE SEGURIDADE:

- Obrigación do uso da cuberta protectora da máquina.
- Facer unha elección correcta do disco de acordo co traballo que se vai realizar.
- Colocar o disco ben centrado no eixe, non apertar excesivamente o parafuso de fixación, o disco pode romper ou gretarse.
- Non someter o disco a sobreesforzos, laterais ou de torsión, ou pola aplicación dunha presión excesiva.
- No caso de traballar sobre pezas de pequeno tamaño ou en equilibrio inestable, asegurar a peza a traballar, de maneira que non sufran movementos imprevistos durante a operación.
- Parar a máquina totalmente antes de pousala.
- Non pousar a máquina ata que deixe de xirar por efecto da inercia. Non frear exercendo unha forza lateral.
- Antes de enchufar a máquina á rede, asegurarse de que o interruptor está en posición de paro.
- Antes de instalar, desmontar ou axustar calquera accesorio, desconectar a alimentación.
- Non levar a ferramenta polo cable nin tirar del para desconectala da base do enchufe. Preservar o cable da calor, do aceite e de arestas cortantes.
- En caso de utilización de pratos de lixar, instalar na empuñadura lateral a protección correspondente para a man.
- Para traballos de precisión, utilizar soportes de mesa axeitados para a máquina, que permitan, ademais de fixar convencionalmente a peza, gardar a profundidade ou inclinación do corte.
- Non utilizar mangueras, cables, conexións ou accesorios en mal estado.
- Obrigatorio o uso de gafas antiproxección e luvas. Usar protectores auditivos segundo os traballos.
- Cando se poña en marcha unha moa en frío debe aplicarse lentamente ao traballo ata que se quente gradualmente.
- Logo de montar unha moa nova, facela virar libremente nun lugar durante alomenos un minuto.
- Ter coidado de que ningún corpo extraño ou outro material se introduza entre a moa e o protector, nin realizar rapidamente o corte.
- Ao desenvolveren traballos con riscos de caída de altura, asegurar a postura de traballo, xa que en caso de perda de equilibrio por reacción incontrolada da máquina, os efectos pódense multiplicar.
- Suxeitar sempre a amoladeira firmemente, de forma que a apertura da cuberta protectora quede orientada cara a fóra.

